

Faro *da* Cultura

Publicitar Galicia

A correspondencia Villar Ponte/Estelrich

JOAQUIM VENTURA

É coñecida dabondo a relación que xa en 1917 estableceu Francesc Cambó co emergente nacionalismo galego das Irmandades da Fala. A Lliga Regionalista xa era daquela un partido con considerables cotas de poder como as que proporcionaban gobernar a Mancomunitat ou a presenza parlamentaria do político catalán que o levou á condición de ministro de Fomento en 1918. A súa proxección no Estado tiña a intención de rexenerar a caduca España da Restauración, alén de fortalecer as súas posicións en Cataluña. E para tal proxecto, o financeiro e político catalán precisaba de socios tanto en España como no estranxeiro máis inmediato. Por iso procurou complicidades en Galicia e en Portugal.

Para xaneiro de 1917 proxectouse a visita a Galicia dunha delegación catalá que, finalmente, non tivo lugar ata o setembro daquel ano, cando Cambó viaxou a Galicia e coñeceu a Antón Villar Ponte e a Rodrigo Sanz. Dous meses despois, unha delegación galeguista visitou Barcelona, que recibiu a conformidade para mercar o xornal coruñés *El Noroeste*. En decembro, Cambó volveu a Galicia e pronunciou mitins n'A Coruña, Santiago e Vigo. Uns meses despois animou a formación dunha candidatura galeguista, aliada da Lliga.

Porén, o fracaso electoral dos galeguistas arrefriou momentaneamente os intereses da Lliga. Con todo, no proxecto iberista de Cambó, Galicia e Portugal eran elementos imprescindibles. Foi daquela cando Joan Estelrich comezou a colaborar co político catalán e de tal tarefa foi froito un documento de reflexión do mallorquín, *El problema dels pobles peninsulars*, que foi traducido ao portugués para que fose coñecido no país veciño. A reacción dos políticos portugueses no goberno de Lisboa foi negar calquera favor ou simpatía ao galeguismo (para este asunto é fundamental o estudo do profesor mallorquino Jesús Revelles).

Pero coa desmembración dos imperios europeos despois da guerra mundial abríronse

novas perspectivas para as minorías nacionais. E foi daquela cando Cambó animou a promoción da Oficina d'Expansió Catalana. A partir de 1920 continuou a colaboración cos galeguistas coa presenza directa de Estelrich en *A Nosa Terra* e coa colaboración en Nós de Tomàs Garcés primeiro ou do propio Estelrich despois.

Unha colaboración da cal agora coñecemos novos documentos sobre a relación que tivo con Antón Villar Ponte. Custódianse na Biblioteca de Catalunya, no fondo documental doado pola filla de Estelrich e recentemente catalogado. Trátase de catro cartas do coruñés e de tres do mallorquino.


Por orde cronolóxica, a primeira das conservadas é unha breve misiva de xaneiro de 1924 na cal o secretario de Estelrich solicita unha colaboración para a daquela influínte revista *L'Europe Nouvelle* que ía dedicar un número a España. Villar Ponte acusa recepción do encargo. A esta, responde o secretario que queda á espera do traballo e confirma a remuneración do mesmo. Escribe Villar Ponte o 12 de febreiro co envío da colaboración solicitada, que se estende desde o século IV en canto á historia de Galicia.

Os documentos restantes son de 1928, sendo o primeiro dos conservados a resposta dada en xaneiro por Villar Ponte a unha carta de Estelrich do decembro anterior. O

asunto agora é a eventual presenza dunha delegación galega no Congreso de Nacionalidades Europeas, constituído no seo da Sociedade de Nacións. A esta misiva respondeu Estelrich uns días despois e dáballes detalles sobre as condicións de admisión de Galicia. O derradeiro documento é unha carta sen data (podemos presuporner que sexa de 1928 ou 1929), resposta a unha do mallorquino que non conservamos, e dá breve noticia de actualidade da situación galega ao tempo que reconece as limitacións económicas para a participación galega no CNE.



Joan Estelrich (1896-1958).



Antón Villar Ponte (1881-1936), visto por Luís Seoane.



Portada de *A Nosa Terra*, voceiro das Irmandades da Fala.